

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE XANEIRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezanove de xaneiro de dous mil vinte e catro reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da

Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 12 de xaneiro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

Asemade acórdase por unanimidade rectificar o erro aritmético no acordo adoptado por este órgano, na sesión celebrada o día 29 de decembro de 2023, de aprobación da factura núm. 2023/23000350 do provedor *Rodoil S.L.*, consignando o importe de 79,23 €, no lugar de 73,23 € que figura erroneamente na acta.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA BAIXA VOLUNTARIA DE TRABALLADORA LABORAL TEMPORAL QUE OCUPABA PRAZA CONSIGNADA NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito presentado por Dona SUSANA OTERO GARCÍA, con DNI núm. ██████████, quen presta servizos no posto de traballo temporal a tempo parcial de auxiliar do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), – RE núm. 64, do 18/01/24 – , polo que comunica a súa baixa voluntaria como traballadora municipal con data de efectos do día 18 de xaneiro do corrente.

A Xunta de Goberno Local toma razón da comunicación presentada.

3.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DUN POSTO DE TRABALLO DE AUXILIAR DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

A baixa voluntaria da traballadora Dona Susana Otero García fai imprescindible a provisión inmediata do posto de traballo que desempeñaba ao obxecto de evitar prexuízos non desexados aos/ás usuarios/as do SAF. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos ata a provisión definitiva da praza incluída no proceso selectivo de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política

Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal de substitución durante o proceso de selección para a cobertura definitiva da praza, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ ESPERANZA SILVA GONZÁLEZ, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (20 horas/semana), ata a provisión definitiva da praza incluída no proceso selectivo de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE PERMISO LABORAL

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Rosa María Beleda Presas, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce dun permiso laboral durante o mes de xaneiro de 2024. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao

tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SANDRA LIMA SILVA, con NIE núm. ██████████, a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 22 e 31 de xaneiro do corrente, ambos inclusive, en substitución de Rosa María Beleda Presas.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Don José Antonio Amarante Iglesias (RE núm. 68, do 19/01/24), e a proposta de resolución emitida con data 19/01/24 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don JOSÉ ANTONIO AMARANTE IGLESIAS, con DNI núm. [REDACTED] veciño do lugar de Vilachá, parroquia de Fafián.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. 679,54 €
Por licenzas anuais de aplicacións Office para equipos informáticos municipais, s/factura núm. FVE/2024/0024 (FACe).
- CONSEJO GENERAL COSITAL 120,00 €
Por subscrición anual a portal de contabilidade pública local, s/factura núm. IN20241311 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 8.147,16 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de decembro de 2023, s/recibos.

- NATURGY IBERIA S.A. 9.603,08 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de decembro de 2023, s/recibos.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 633,43 € E 86,45 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de decembro de 2023, s/facturas núm. 4003879588 e 4003879589 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 74,29 €
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA77X0001066, TA77X0001082 e TA77X0001083 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 89,43 € E 47,87 €
Por autoliquidacións de taxas de Augas de Galicia en concepto de autorizacións no dominio público hidráulico, s/cargos.
- RAPOSO ABOGADOS S.L.P. 1.815,00 €
Por asistencia letrada en recurso de apelación contencioso-administrativo PO 61/19, s/factura núm. 2/2024.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 62,71 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios/as do Concello no mes de decembro de 2023, s/factura núm. 24ZNX0000041 (FACe).
- DURO E HIJOS S.L. 2.389,62 €
Por traballos de reparación do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 1F24/33 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.603,57 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de decembro de 2023, s/factura núm. 2323/3537 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as dez horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde en funcións,
(sinatura dixital)